

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O CONSORCIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS DE XESTIÓN UNIVERSITARIA (CIXUG) PARA A POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE FOMENTO DO EMPRENDAMENTO A TRAVÉS DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE BASE TECNOLÓXICA NO ÁMBITO UNIVERSITARIO DE GALICIA.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente o 14 de xullo de 2021

REUNIDOS

Dunha parte,....., Conselleira de Emprego e Igualdade, en nome e representación da consellería en virtude do Decreto 110/2020, do 6 de setembro, do seu nomeamento e intervindo no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

Doutra parte,....., Reitor Magnífico da Universidade da Coruña e Presidente do Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG), constituído o 24 de febreiro de 2006 con personalidade xurídica plena e integrado pola Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

Primeiro.

De acordo co disposto no Decreto 130/2020, de 17 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia ; e no Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, correspóndelle a esta o exercicio das competencias e funcións relativas á xestión das políticas activas de emprego.

Constitúe un dos obxectos destas políticas activas, á posta en marcha dun "Plan de fomento do emprendemento a través de iniciativas empresariais de base tecnolóxica (IEBT) no seo da comunidade universitaria vinculadas aos labores e aos resultados de investigación, transferencia, valorización e innovación que se desenvolven nas universidades galegas, e acompañar a estas iniciativas durante

a súa creación e na súa posta en marcha para maximizar as súas probabilidades de éxito".

Segundo. No ámbito das políticas activas de emprego, o Real Decreto Lexislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo se aproba o texto refundido da Lei de Emprego no seu artigo 36 recolle a posibilidade de xestionar as accións e medidas de políticas activas de emprego, entre outras opcións, mediante a subscripción de convenios ou calquera outra forma xurídica axustada a dereito.

Á vista tamén da aprobación efectiva da Estratexia Española de Emprego 2017-2020, polo Real Decreto 1032/2017, do 15 de decembro (BOE 16 de decembro), resulta que as Comunidades Autónomas están habilitadas para deseñar e desenvolver os correspondentes servizos e programas de políticas de activación para o emprego e, se é o caso, para a adaptar o deseño dos seus programas e servizos ás súas necesidades propias.

Terceiro. Trátase dun convenio específico que regula a subvención nominativa cuxo obxecto é a colaboración entre a consellería de Emprego e Igualdade e o consorcio para o desenvolvemento de aplicacións para a xestión universitaria (CIXUG) para a posta en marcha dun plan de fomento do emprendemento a través de iniciativas empresariais de base tecnolóxica no ámbito universitario de Galicia para 2021 de conformidade co establecido nos artigos 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36 a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, se trata dunha subvención de concesión directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

Acredítanse razóns de interese público, social e económico para a subscripción dun Convenio específico de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG), para a posta en marcha dun plan de fomento do emprendemento a través de iniciativas empresariais de base tecnolóxica no ámbito universitario de Galicia toda vez que o CIXUG, como entidade sen ánimo de lucro e personalidade xurídica propia que está participada polas tres universidades galegas, constitúese como axente necesario e imprescindible para desenvolver dito plan por diversos motivos:

En primeiro lugar, xustamente por integrar no seu seo ás tres universidades públicas de Galicia o CIXUG convértese no axente educativo aglutinador de referencia en todo o territorio galego, facilitando o nexo entre este e, neste caso, a Consellería de Emprego e Igualdade no que á educación superior e políticas activas para o emprego se refire.

Adicionalmente, a través das facultades e departamentos das universidades que o integran, dispón dun amplo coñecemento sobre todos os aspectos relevantes a ter en conta para a formación e o impulso da iniciativa emprendedora de base

tecnolóxica baseada en resultados de investigación, tanto desde a perspectiva das competencias técnicas como das necesarias competencias persoais que deben adquirir os novos profesionais que desenvolvan a súa actividade neste campo do emprendemento innovador.

E por último, a través do papel dos grupos de investigación dedicados ás materias incluídas, tense a seguridade de empregar e transmitir coñecementos permanentemente actualizados e adaptados ás novas tendencias no eido da atención ás persoas emprendedoras no ámbito universitario, asegurando a futura sostenibilidade da idea emprendedora e permanente evolución dos contidos de soporte, acorde á realidade de cada momento.

Por outra banda, tal e como reflicte o Decreto 56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) como medida activa de emprego é preciso impulsar o espírito emprendedor no trinomio investigación, tecnoloxía e emprego, mediante o aproveitamento intensivo e a colaboración coas diferentes estruturas que xa existen tanto na Consellería de Emprego e Igualdade e noutros departamentos da Xunta de Galicia, como coas tres universidades galegas e con outras entidades vinculadas á innovación, á tecnoloxía e á iniciativa emprendedora, prevíndose mecanismos de acompañamento.

Por isto, o apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) pretende dinamizar a vocación emprendedora da comunidade universitaria e aproveitar o potencial empresarial das persoas dedicadas á investigación e das persoas con amplos coñecementos das novas tecnoloxías, así como impulsar a transformación do coñecemento creado nas universidades e nos centros de investigación en proxectos xeradores de riqueza e de emprego.

Cuarto. Neste convenio se abordan os seguintes aspectos:

- Partes participantes
- Obxecto do convenio específico
- Detalle do plan de traballo e actividades a desenvolver
- Compromisos das partes asinantes
- Achegas realizadas por cada un dos axentes participantes no convenio
- Normas de coordinación, execución e seguimento do proxecto, de ser diferentes das indicadas neste Convenio Marco.
- Nome e cargo de cada unha das persoas que, por cada parte, asinan o convenio.

- Gastos imputables, réxime de pagamentos e requisitos para a xustificación de gastos, no caso de que estean dotados de contido económico.
- Requisitos de publicidade do cofinanciamento, no seu caso.

Quinto. En coherencia con todo o exposto e para facelo posible, a Consellería de Emprego e Igualdade incluíu no Plan Anual de Política de Emprego (PAPE) para o ano 2021 dentro do EIXO 1 ORIENTACIÓN, un Programa Propio denominado "PP00 337 PROTOCOLO COAS UNIVERSIDADES GALEGAS PARA FOMENTO DO EMPREGO, MELLORA DA ORIENTACIÓN E FOMENTO DO EMPRENDEMENTO".

Sexto. Dentro destas accións especializadas inclúese como elemento de referencia a realización dun conxunto de tarefas para o impulso e apoio á creación de novas iniciativas de emprego de base tecnolóxica, como resultado das actividades de investigación, transferencia, valoración e innovación que se desenvolven no Sistema Universitario de Galicia.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Emprego e Igualdade e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG) resaltan a necesidade de aunar esforzos, optimizando o aproveitamento dos recursos dispoñibles e coordinando as distintas medidas de apoio para a mellora da empregabilidade, fomento do emprego, mellora da orientación e fomento do emprendemento e para dar cumprimento o compromiso adquirido, asinan de común acordo este convenio específico de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio Específico

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e o CIXUG, para abordar e executar o conxunto de iniciativas e actividades vinculadas ao fomento do emprendemento a través de iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) a desenvolver polo CIXUG no ano 2021, para todas aquelas persoas interesadas.

Entre os obxectivos que se perseguen dende a Consellería de Emprego e Igualdade coa celebración deste convenio de fomento das iniciativas empresariais de base tecnolóxica atópanse os seguintes:

- Impulsar o fomento da cultura emprendedora e o espírito empresarial innovador entre a poboación universitaria galega, como espazo de máxima referencia na divulgación e creación destas iniciativas

innovadoras con contido científico ou base tecnolóxica.

- Abordar o dito impulso dentro do Sistema Universitario de Galicia de xeito coordinado e integrado, facilitando o acceso ao conxunto de contidos e recursos de xeito cohesionado e baixo principios colaborativos entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e as universidades do SUG a través do CIXUG.
- Apoio e asesoramento técnico ás persoas promotoras na realización do plan de empresa e no plan económico - financeiro, así como na posta en marcha dos proxectos e na tramitación dos expedientes de solicitude de cualificación.
- Asistencia e realización de informes técnicos e informes dos consultores sobre o proxecto para o Comité de IEBT.
- E, en definitiva prestar servizos de especialización ás persoas promotoras das iniciativas emprendedoras para facilitar a materialización da súa idea, tanto a través de accións de acompañamento e asesoramento como na elaboración do plan de empresa e do lanzamento da actividade innovadora.

Segunda.- Detalle das actividades a desenvolver

Os contidos mínimos que haberá de incluír o plan de fomento do emprendemento a través de IEBT que regula o presente Convenio de Colaboración serán os definidos na proposta metodolóxica que se inclúe como Anexo I ao presente convenio específico de cooperación.

Á marxe do sinalado no Anexo I, as actividades de fomento a desenvolver polo CIXUG serán todas as que se precisen para o bo fin das accións deste convenio.

Terceira.- Calendario das actuacións a desenvolver

O calendario para a execución das actuacións a desenvolver ao abeiro do presente convenio será dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 30 de decembro de 2021.

Cuarta.- Compromisos e achegas do CIXUG

Polo presente convenio, o CIXUG comprométese a achegar os medios persoais con recoñecida experiencia, capacidade e solvencia para a avaliación tecnolóxica e empresarial dos proxectos que xurdan no calendario de actuacións, así como a pór a disposición os recursos materiais necesarios para a súa correcta execución e á subcontratación dos servizos especializados

necesarios para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio.

En calquera caso, no ámbito do presente convenio de colaboración, o CIXUG asumirá o papel da dirección das actividades a desenvolver, debendo proceder en consecuencia, á coordinación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios para a súa execución e correspondente xustificación perante a Consellería de Emprego e Igualdade e, no seu caso, á subcontratación dos servizos especializados necesarios para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio.

Quinta.- Compromisos e achegas da Consellería de Emprego e Igualdade

Segundo o calendario das actuacións a desenvolver, a Consellería de Emprego e Igualdade contribuirá ao presente convenio cunha achega económica de 75.000 € (setenta e cinco mil euros) para o CIXUG de acordo coa seguinte distribución:

7.500 € de xeito anticipado unha vez firmado o convenio

67.500 € ao final do ano 2021

O seu financiamento farase con cargo á partida orzamentaria 11.04.322C.444.0 proxecto 2015 00 552 da Dirección xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social:

En ningún caso a Consellería de Emprego e Igualdade aboará custo ningún que exceda da dita cantidade.

Sexta.- Gastos imputables e compatibilidade das axudas

A achega económica establecida na anterior cláusula destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados polo CIXUG, relativos a:

- a) Os custos salariais e de seguridade social do persoal necesario para a realización das actividades obxecto deste convenio, podendo tratarse de persoal que xa estea a prestar servizos na entidade beneficiaria ou aqueloutro que se contrate para tal fin.
- b) Gastos de axudas de custo e desprazamento do dito persoal.
- c) Gastos derivados da contratación de medios externos ou de encomendas a medios que formen parte da organización das universidades que compoñen o CIXUG sen limitación porcentual, sempre que quede garantida a natureza do gasto en relación coa actividade realizada, mediante constancia expresa no documento xustificativo ou por medio de certificación acreditativa de cada organización; e sempre tendo en



conta que se deberá cumprir co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Gastos xerais, materiais e técnicos co límite do 15% do custo total final do proxecto. Estes gastos inclúen os seguintes:

d).1 Gastos de execución de material técnico (guías, documentación para emprendedores,...) e de execución en material de oficina.

d).2 Gastos xerais necesarios para a execución das accións na parte correspondente á dita execución:

- Arrendamento (leasing excluído): edificios, mobiliario, efectos e equipos de arrendamento.
- Mantemento (se non está incluído no arrendamento).
- Subministración de enerxía eléctrica, auga, combustible para calefacción (se non está incluído no arrendamento).
- Comunicacions (teléfono, correos...).
- Limpeza.
- Seguridade e vixilancia.

A acreditación dos diferentes conceptos de gastos subvencionables realizarase presentando a seguinte documentación:

a) Retribucións de persoal:

Relación nominal de persoas traballadoras segundo modelo da Tesourería Xeral da Seguridade Social

Copia das nóminas correspondentes aos meses imputados.

Copia do impreso de liquidación nominal do IRPF.

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados pola transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pagamento.

b) Gastos imputables ás accións realizadas en concepto de axudas de custo e desprazamentos non incluídos nas nóminas, contratación de medios externos e gastos xerais, materiais e técnicos necesarios: facturas correspondentes, orixinais, formato electrónico admisible legalmente ou copias cotexadas, e xustificación do pagamento destas a través de transferencia ou cargo bancario, tendo en conta que todas as facturas achegadas como xustificantes deberán



estar referidas de forma inequívoca ao CIXUG e ao período de vixencia do convenio e deberán incluír, se fose posible, a denominación do "Plan de Fomento do Emprendemento a Través de IEBT no Ámbito Universitario de Galicia".

c) Gastos imputables aos convenios celebrados coas entidades integrantes do CIXUG relativos ao desenvolvemento de actividades recollidas neste convenio: mediante certificado do órgano competente dos gastos realizados con cargo ao convenio e memoria descritiva das actividades realizadas, así como a achega das correspondentes facturas e xustificantes bancarios do pagamento .

Respecto da compatibilidade da axuda, a subvención que se regula no presente convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos e privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen que en ningún caso o importe total das subvencións concedidas supere o total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria

Sétima.- Xustificación e pagamento

O pagamento da axuda prevista no presente convenio realizarase do seguinte xeito:

A) Anticipo:

Unha vez asinado o presente convenio de colaboración, o CIXUG poderá solicitar un pagamento de ata 7.500 euros, en concepto de anticipo a conta da xustificación.

De acordo co establecido no artigo 65.4.b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías "as entidades vinculadas ou dependentes directa ou indirectamente da Comunidade Autónoma de Galicia as que se refiren os puntos 2 e 3 do artigo 1º deste regulamento".

B) Xustificación e liquidación:

Para a xustificación do presente convenio de colaboración o CIXUG disporá ata o 30 de decembro de 2021 para a realización da xustificación relativa as actividades desenvolvidas entre o 1 de xaneiro e o 30 de decembro do dito ano.

Xunto coa solicitude, o CIXUG presentará a seguinte documentación:

1. Certificado do órgano competente dos gastos realizados con cargo ao convenio e memoria descritiva das actividades realizadas, en formato papel e

electrónico.

2. Documentación xustificativa dos gastos imputados conforme ao previsto na cláusula sexta do presente convenio.

3 Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades.

Oitava.- Obrigas do CIXUG

O CIXUG, ademais das establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, estará suxeito ás seguintes obrigas:

- a) O cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o disposto no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, incluído o de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Neste sentido, a sinatura do presente convenio comportará a autorización ao órgano xestor da Consellería de Emprego e Igualdade para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 11º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a devandita certificación poderá ser substituída pola declaración responsable do solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.
- b) Comunicarlle ao órgano que concede a subvención calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.
- c) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Emprego e Igualdade, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración

do Estado ou da Unión Europea.

- d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable coa identificación en conta separada ou epígrafe específico da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións realizadas, coa referencia común a todos eles de fomento da empregabilidade.
- f) No caso de que se produza cesión de datos a entidades subcontratadas, adaptarse ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos personais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos personais e garantía dos dereitos dixitais.

Novena. Publicidade

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano ou entidade responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións firmes que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Para os efectos de difusión pública, nos lugares, incluídas páxinas web, onde se realicen as actividades obxecto do convenio deberá figurar, de forma visible, o financiamento pola Consellería de Emprego e Igualdade e do Ministerio de Traballo e Economía Social.

Así mesmo, todos os materiais e produtos que se elaboren con cargo á axuda concedida deberán utilizar axeitadamente o logotipo da Xunta de Galicia de acordo co Manual de Identidade Corporativa (<http://www.xunta.es/descarga-do-manual>).

En virtude do anterior, e con carácter previo á súa utilización, o CIXUG deberá obter a aprobación expresa por parte da Dirección xeral de Emprego, Traballo

Autónomo e Economía Social en relación aos deseños a empregar.

Décima. Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios

En virtud de lo dispuesto en el artículo 4 de la Ley 1/2016, de 18 de enero, de transparencia y buen gobierno, las personas físicas y jurídicas beneficiarias de subvenciones están obligadas a suministrar a la Administración, al organismo o a la entidad de las previstas en el artículo 3.1 de la Ley 1/2016, de 18 de enero, a la que se encuentren vinculadas, previo requerimiento, toda la información necesaria para el cumplimiento por aquella de las obligaciones previstas en el título I de la citada ley.

Igualmente, de acordo co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o CIXUG autoriza á Consellería de Emprego e Igualdade para publicar os datos do convenio na súa páxina web oficial.

Décimo Primeira. Modificación e criterios de gradación de posibles incumprimentos

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, poderá dar lugar á súa modificación e ao reintegro das cantidades percibidas. De acordo co artigo 49.1.g) da lei 40/2015 do 1 de outubro, de rexime xurídico do sector público en relación á modificación do convenio a falta dunha regulación expresa sobre a mesma, se estará ao previsto na Lei, é dicir a posibilidade de modificación do convenio sempre que se estableza por acordo unánime das partes

Así mesmo este convenio poderá ser obxecto de modificación cando esta teña como finalidade o logro de obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume de obrigas ou a ampliación do prazo de execución, de acordo co previsto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os criterios de gradación dos posibles incumprimentos polo beneficiario das condicións establecidas neste convenio serán os seguintes:

- a) O incumprimento total das obrigas para os que se otorgou a subvención dará lugar ao reintegro da totalidade da cantidade concedida.
- b) A cantidade a reintegrar no caso de incumprimento parcial na execución ou

na xustificación das accións ou gastos virá determinada, con arreglo ao criterio de proporcionalidade polo volume e grao de incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión. Establece unha penalización do 10% da contía da subvención no caso de demora na presentación da xustificación.

Igualmente no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como o xuro de demora correspondente.

Décimo Segunda.- Vixencia e Duración

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 30 de decembro de 2021. Non obstante, as actividades englobadas no presente convenio que realizase o CIXUG dende o 1 de xaneiro de 2021, tamén poderán ser subvencionadas coa achega da Consellería de Emprego e Igualdade.

Igualmente, poderase denunciar pola parte que considere vulnerado o seu espírito por incumprimento dalgunha das súas cláusulas. A denuncia terá que efectuarse mediante comunicación á outra parte, por escrito fundado e cunha antelación mínima dun mes. Agás acordo expreso en contrario, teranse que rematar as accións xa iniciadas.

Décimo Terceira.- Seguimento do Convenio Específico

Se creará unha Comisión Mixta de seguimento e control da execución deste Convenio. Esta Comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes. Esta Comisión será a encargada de solucionar as controversias que se podan suscitar na interpretación do Convenio.

Décimo Cuarta. Natureza do Convenio

O presente convenio terá carácter administrativo, sen que en ningún caso poidan derivarse del dereitos ou obrigas de carácter laboral. Os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas e, no non previsto, aplicaráselle a Ley 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público artigos 47 e seguintes. As cuestións litixiosas xurridas acerca da interpretación, modificación e resolución deste convenio no que se refire á axuda outorgada serán resoltas, a falta de acordo na comisión de seguimento, pola Consellería

de Emprego e Igualdade, poñendo as súas resolucións fin á vía administrativa. Contra estas resolucións poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso.

Lido por ambas as dúas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubricano por triplicado, no mesmo lugar e data que se indica ó comezo.

Conselleira de Emprego e
Igualdade da Xunta de Galicia

Presidente do Consorcio para o
Desenvolvemento de Aplicacións
para a Xestión Universitaria



ANEXO I

Actividades a desenvolver dende a Universidade da Coruña

1. En materia de formación e promoción da cultura emprendedora:

- A través do Programa de Mellora da Empregabilidade que se realiza cada curso académico, realización de charlas nas facultades para fomentar a cultura emprendedora e as iniciativas de base tecnolóxica.
- Reunións de traballo con grupos de investigación para a identificación de resultados de investigación e determinación do seu potencial comercial.

2. En materia de creación de Empresas de Base Tecnolóxica:

- Asesoramento na elaboración de plans de empresa e asesoramento aos equipos emprendedores desde a idea ata a constitución da empresa.
- Valorización de tecnoloxías relacionadas con iniciativas spin-offs universitarias.
- Apoio na tramitación das IEBT's: Tramitación dos expedientes de solicitude de cualificación de IEBT mediante a realización dos informes técnicos e o informe do consultor para o Comité de IEBT's e asistencia ao mesmo na Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Realización de charlas explicando o proceso de cualificación das IEBT denominadas "Iniciativas Empresariais de Base Tecnolóxica (IEBT): proceso de cualificación"

3. Realización de charlas de promotores/as de empresas que xa obtiveron a cualificación como IEBT relatando a súa experiencia no proceso de cualificación e os beneficios que esta lle aportou.





Actividades a desenvolver dende a Universidade de Santiago de Compostela

- **En materia de difusión da cultura emprendedora e identificación de resultados de investigación con potencial empresarial.**
 - Charlas divulgativas en facultades, tanto en clases de grao como de máster.
 - Reunións con grupos de investigación para a identificación de resultados de investigación e determinación do seu potencial comercial.
- **En materia de formación**
 - a) Desenvolvemento de programas formativos para entrenar a estudantes e outros membros da comunidade universitaria na realización de un Plan de Empresa, en colaboración con compañeiros con competencias complementarias
 - b) Obxectivo Xeral: Que estudantes de últimos cursos e recién egresados poidan aprender como elaborar un plan de empresa e adquiren competencias en materia de emprendemento.
 - c) Metodoloxía: A través de asesores se apoiará o desenvolvemento dunha idea empresarial nun modelo de negocio viable.
- **En materia de creación de Empresas de Base Tecnolóxica:**
 - 1. Elaboración de plans de empresa e asesoramento ós equipos emprendedores desde a idea ata a constitución da empresa.
 - 2. Apoio na tramitación das IEBT: Tramitación dos expedientes de solicitude de cualificación de IEBT mediante a realización dos informes técnicos e o informe do consultor para o Comité de IEBT e asistencia ó mesmo na Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- **En materia de apoio ás Empresas de Base Tecnolóxica:**
 - Xestión dos espazos de incubación do Edificio Emprendia, viveiro de empresas da USC
 - Apoio ás empresas na busca de financiamento mediante contactos con investidores e organización de xornadas de presentación de proxectos ante investidores.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE
Dirección Xeral de Emprego,
Traballo Autónomo e Economía Social

Edificio Administrativo San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela



- Consolidación das redes de comercialización das empresas mediante apoio na internacionalización e organización de xornadas de networking sectoriais entre empresas de base tecnolóxica e grandes empresas.
- Apoio ás EBT na busca de perfís comerciais e xerenciais.



Xacobeo 21-22



Actividades a desenvolver dende a Universidade de Vigo

- **En materia de apoio a IEBTs:**
 - Apoio e asesoramento técnico aos promotores/as na realización do plan de empresa e no plan económico-financeiro.
 - Apoio na tramitación das IEBTs: Apoio na posta en marcha dos proxectos e na tramitación dos expedientes de solicitude de cualificación; realización de informes técnicos e informe do consultor para o Comité de IEBT's e asistencia ao mesmo na Consellería de Traballo.
- **En materia de apoio á creación de empresas:**
 1. Proxecto INCUVI-EMPRENDE e INCUVI-AVANZA: colaboración no deseño e coordinación do Programa de formación e titorización dos dos PREMIOS INCUVI 20209, un total de 14 ideas empresariais de distintos ámbitos e dos 3 campus universitarios da Universidade de Vigo. A formación e titorización abrangue desde o desenvolvemento da idea ata a súa concreción a través da elaboración do plan de empresa e o apoio no seu caso da constitución da mesma.
 2. Asesoría a emprendedores
- **En materia de formación e fomento do emprendemento:**
 - Realización de accións de difusión do programa de IEBTs na Universidade e institucións potencialmente interesadas no programa; e difusión de eventos e formación de interese no ámbito do emprendemento.
 - Elaboración e actualización de material de apoio para a formación en emprendemento e posta a disposición do mesmo aos membros da comunidade universitaria interesados na posta en marcha de proxectos e empresas.
 -
 - Apoio ás IEBTS na busca de perfís comerciais e xerenciais.

